

# autamira




*Revista informativa do Concello de Brión*

ANO V

XULLO-89

Nº 14



- M<sup>a</sup> ANXELES TOBIO FERNANDEZ: A memoria como testemuña
- LEMBRANZAS: Don Jacinto Piñeyro y Soto
- EUROPA: Unha realidade cada vez más preto
- A NOSA HISTORIA: A cultura megalítica e Castrexo
- NOTICIEIRO: Resultados optimistas na 3<sup>a</sup> campaña de Saneamento do gando
- XORNAL VFRDF: Cinco mil seiscientos espacios da RAZ

Axente



# Talleres P E D R A R E S

Fabricación e venda de  
Maquinaria agrícola e forestal  
Desbrozadoras ZAZURCA  
Autocargadores BOSS  
Motoserras e desbrozadoras de man  
JONSERED

Tlf. avisos: 899957

Vila-Viceso - BRION

Director:

Xoán R. Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso  
Afrodicio J. Montero Vieites  
Xosé Freire Caamaño  
Xácome Pérez Paz  
Dora Mirás Pérez  
Luciano Pena Andrade  
María Xosé Moldes Pose  
Xosé Caramés Vázquez

## /EDITORIAL

### SER VELLO HOXE

*A vellez é unha etapa na vida da persoa humana que se comeza a manifestar ós 60 anos no home e un pouco antes na muller.*

*Non é doado defini-la vellez porque non en todos se manifesta á mesma idade nin da mesma maneira, pero hai uns rasgos principais que a definen.*

*Fisiolóxicamente, prodúcese aumento de tensión, atrofia de órganos, perda de elasticidade, diminución da fecundidade e potencia sexual, descalcificación ósea e, xeral, adaptabilidade cada vez máis escasa ó medio, reaccións lentas e maior sensibilidade a axentes externos, incluída-las infeccións.*

*Danse tamén unha serie de factores sociais, principalmente como consecuencia da súa situación de xubilados: moitas destas persoas non aceptan a súa situación e déixanxe ir polos soños pasados e tratan de facer cousas para as que agora non están capacitados, creándose así unha situación difícil e que termina na maioría dos casos en aillamento, soedade e desarraigamento do entorno e da sociedade en que vive. Neste momento é cando a sociedade ten que facer algo, encauzarlle a vida ós vellos, pois está demostrado que nunha sociedade hostil as reaccións de tipo anormal son más abundantes.*

*Os factores económicos tamén marcan ás persoas na súa vellez, pois diminúe a capacidade adquisitiva e as pensións na maior parte dos casos son moi reducidas para cubri-las súas necesidades. Estadisticamente só un dez por cento dos vellos está satisfeito da súa vida, un vinte por cento ten algunha esperanza de realizar ainda algo proveitoso.*

*Antes os vellos tiñan un peso social maior que agora, sen esquece-lo aspecto económico, que era case exclusivo deles, os vellos eran os que levaban a economía doméstica da familia patriarcal; ó ir desaparecendo ésta, o avó perde poder e ás veces comeza a estorbar.*

*Ademáis, hoxe en día o que está primando na sociedade son outros factores como xuventude, fortaleza, éxito, beleza, etc.*

*Sen embargo, a vellez é unha etapa máis da vida humán que haberá que vivir con dignidade e optimismo. Para que así sexa, algo teremos que facer entre todos: primeiramente, os propios vellos convencerse que a súa vellez non os pode levar a aillarse; a súa situación de xubilados pódelles deixar tempo para adicarse a cousas que antes non poideran facer polas obrigas familiares e laborais; nin os achaques propios da senectude os deben arredar de mira-la vida con optimismo.*

*Tódolos membros da sociedade temos que facerlle lugar destacado ós vellos na nosa vida, arroupa-los e contar con eles.*

*Finalmente, ós gobernantes non se lles pode permitir que traten o tema da terceira idade só con boas palabras: necesitanse cartos, pensións dignas e institucións que os atendan.*



## M.ª ANXELES TOBIO FERNANDEZ: A memoria como testemuña

Poucas veces un ten a oportunidade de escutar a unha persoa que ós seus oitenta e un anos mantén unha claridade mental absoluta, unha axilidade física envexable, unha expresión verbal exquisita e unha memoria admirable. M.ª Anxeles Tobío Fernández, licenciada en Filosofía e Letras, bibliotecaria de profesión, é viúva de Don Pedro Martul, que foi durante moitos anos profesor de Lingua e Literatura españolas no instituto Arcebispo Xelmírez de Santiago, ten todas esas cualidades anteriormente descritas, a parte, por suposto, dunha natural amabilidade coa que nos recibe.

—Eu non son ningún personaxe importante, nin fixen nada relevante para que se me faga unha entrevista —Dinos esta muller que ten unha experiencia vital case de heroína e que ademáis, as circunstancias familiares levárona a estar presente nos acontecementos históricos e más tráxicos de España do último século.

A súa vinculación con Brión, a parte da figura paterna do académico da Real Academia Galega, e de que fixemos mención nesta revista con anterioridade (ALTAMIRA N° 2) con ocasión da recente publicación da súa “Colección de Cántigas da Amaía” por parte do Seminario de Estudios

Galegos, refléxase no seu propio nome, M.ª dos Anxeles, e no nome da súa única filla, Minia.

—Nacín en Viveiro, onde meu pai, Don Luis Tobío, tiña o seu destino de mestre, a principio de século, no ano 1908. Eu era a segunda de nove fillos. Coa finalidade de que tivésemos todos unha oportunidade de estudiar, meus pais decidíronse vir a instalarse a Santiago, no ano 1915.

¿Qué recordos lembra daquela primeira época en Santiago?

—Recordo que, ó primeiro de chegar a Santiago fomos a vivir a unha casa situada na rúa de San Francisco, mesmo enfrente de onde estaban a construí-la facultade de Medicina. O ruído que facían os canteiros ó pica-la pedra puxo enferma dos oídos a miña nai, polo que, o médico que a atendeu recomendoulle ó meu pai que nos trasladásemos de casa. Segundo a recomendación do médico, fomos a instalarnos a rúa da fonte de San Antonio.

—¿Cando coñeceu Brión por primeira vez e qué experiencias recorda dese momento?

—O meu pai, que naceu en Lamiño como ben sabedes, era un home que sentía moita saudade polo lugar da súa orixe, e unha das razóns que tamén o

empuxaron a vir para Santiago, a parte da anteriormente exposta, era saber que ía estar preto do eido onde se criou e pasou os mellores momentos da súa mocidade. No ano 1918, con ocasión dunha peste de gripe, unha tía irmá do meu pai, invitounos a pasa-lo mes de agosto nunha das tres casas que herdara, unha en Lamiño e dúas en Guitiande, ó que meu pai accedeu encantado.

—Fálenos un pouco da súa mocidade e do ambiente estudiantil da época.

—O meu pai quería por tódolos medios que eu fora mestra, pero eu decíalle que a min non me gostaba ese traballo de ensinarlle as letras ós nenos. Daquela non era moi corrente que as nenas fixaran o bacharelato, pois só había un instituto en Santiago e tiñamos que ir mesturadas cos rapaces; iso víase daquela como unha cousa fea. Unha amiga do meu pai, por suixerencia da miña nai, convenceuno de que, en vez de esperar ós catorce anos para estudiar maxisterio, me deixara comenza-lo bacharelato.

Fun bastante boa estudiante e teño no meu expediente moitos notables e vinte matrículas de honor; nembarcantes, o debuxo non se me daba nada.

Ó remata-lo bacharelato púxense a estudiar Filosofía e Letras. Recordo que eramos poucos alumnos, sobre uns oito na clase, e mulleres tan so catro. Do profesor universitario que máis me lembro e que me deixou unha fonda impresión é de Cotarelo, que nos daba Arte románico e gótico. Tiña un léxico riquísimo e unha grande facilidade de expresión; era tan maravilloso nas súas clases que despois de escoitalo quedaba un tan enterado que xa non se necesitaba nin collar apuntes nin apenas estudialo.

—¿Encontra moi diferentes os métodos de ensinanza de entón cos de agora?

—Creo que fundamentalmente a diferencia está no número de alumnos. Ó ser tantos, todo o traballo da aula redúcese ós exercicios escritos, polo que os alumnos non teñen ocasión de expresarse oralmente. Hoxe bótase de menos unha mellor formación na expresión oral. A xuventude apenas se sabe expresar pola falla de exercicios orais.

—¿Onde fixeron as oposicións e cásas foron os seus primeiros destinos?

—Naquel entón tódalas oposicións había que ir a facelas a Madrid. Os cinco meses de casarnos, é dicir, no mes de abril do ano 1931 marchamos a Madrid os dous a face-las oposicións, eu para arquivos e bibliotecas, e meu home de Lingua e Literatura, aprobándoas ambos.

O primeiro destino tocoume a min a

—¿Cómo sobrelevou esta primeira separación obrigada co seu home?

—A pesares de estar separada do meu home tiven moita sorte porque me permitiu coñecer ás más relevantes figuras do galeguismo deste século e que viñan en Ourense a súa base: Otero Pedrayo, Vicente Risco e Cuevillas, que era un home moi simpático.

Como eu estaba soa e non estaba ben visto que me fora a vivir a un hostal, iloxeime na casa dunhas viuvas a onde viñan a acompañarme as mulleres de Otero Pedrayo e Cuevillas.

Ó ano seguinte, ó meu home léronlle praza definitiva no instituto de Ourense, o que significou unha gran satisfacción para el dado que o que foi o seu profesor, Otero Pedrayo, cando el estudiou alí en Ourense, pasaba agora a elo de compañoiro no mesmo instituto.

—Estamos nos anos trinta, ó comezo da república española e preto do inicio da guerra civil. Fálenos un pouco desa época.

—Meu home entrou ó principio do ano 1936 no partido socialista como militante e unha serie de circunstancias familiares fan que no mes de xullo dese ano marche a Madrid para acompañar a miña irmá licenciada a face-las oposicións. Daquela tiña dous fillos e evei conmigo ó máis pequeno, deixando maior, Minia, cos meus pais. Miña irmá, ó suspender-lo primeiro exame ó pouco de estala-la guerra, colleu o primeiro tren para Galicia, que resultou e-lo último, polo que nós tivemos que quedar en Madrid á espera de que se esolvease o conflicto que se supoñía non casaría de quince días.

Como o conflicto íase extendendo por toda España e xa se oía falar que os nouros entraban polo Sur, presentámosnos no Ministerio para que nos deran destino en Madrid. Separados da nosa illa maior que quedara en Galicia, asamos todo o inverno dese ano vivindo en Madrid nun hostal preto da Gran Vía. Residindo alí sufrímos os bombardeos das tropas franquistas que pugnaban por entrar na capital.

Unha noite, cando estábamos ceando, un obús caeu nuns grandes almacéns e enfrente e a explosión rompeu todos os cristais do comedor ferindo a varias persoas. Tivemos que baixar a toda resa ata o sótano para protexernos do bombardeo pasando alí toda a noite.

—Polo que sabemos, os perigos da guerra que sufriron non acabaron alí qué noutros momentos correron verdadeiro perigo?

—Houbo varios. Na primavera do ano 1937, ó meu home comezoulle a oer un xeonllo, o que parecía ser un principio de artrite. O médico aconse-

llounos que nos foramos para Valencia. Pedímos-lo traslado e fomos destinados para esa provincia. No camiño, indo no tren, sufrímos un ataque da aviación franquista que comezou a bombardear o transporte no que íamos. Tivemos que saltar polas ventanillas do tren e refuxiarnos nun campo de laranxas ata que acabou o bombardeo dos avións.

O pouco tempo de chegar a Valencia, prodúcese o bombardeo da cidade polo cruceiro Baleares. Os nosos superiores, ó ve-lo noso mal aspecto, mandounos primeiramente a descansar ó pobo de Carlet cunha familia dalí que nos deixou unha casa que tiña no campo, e unha filla para axudarnos. Como viñamos de pasar moita fame en Madrid, cando chegamos a Valencia, onde había bastante comida, pan, arroz, collín unha indigestión de tanto comer.

Estando no pobo de Carlet, descansando, o fillo pequeno que tiñamos con nós enfermou de bronquite. Alí non había nin médico nin medicinas pois todo ía para o frente de guerra. Desesperados buscamos un médico en Valencia que chegou cando non había nada que facer. Alí nas terras de Valencia enterrámoslo tendo unha resposta de todo o pobo verdadeiramente sensacional.

Desesperados voltamos a Valencia e pedimos o traslado para Orihuela que tiña instituto e biblioteca onde nos puxemos a residir. Estivemos moi ben durante algún tempo, chegando a contactar con algúna xente de Galicia.

—Tamén estiveron durante a guerra destinados en Cataluña ¿a que foi debido ese traslado?

—No ano 1938 establece a falar de que o exército franquista pretendía corta-las comunicacóns con Cataluña e entón pedímos o traslado a esa Comunidade sendo destinados á Biblioteca do Instituto de Granollers e á Escola de Capacitación para oficiais de carabineros. Aquí en Cataluña naceu o fillo maior, Pedro, que na actualidade está destinado en Bilbao como médico da especialidade de endocrinoloxía infantil.

—Ó remate da guerra civil, no ano 1939, ¿que outras tribulacións lle trouxo?

—Foi ó comezo dos anos de exilio. Primeiramente marchamos para Francia e o cruce da fronteira fixose con moitas penalidades. Alí contemplei as esceas más horrorosas e patéticas da miña vida. Aínda que tivemos moi boa acollida polas xentes dese país, separáronnos a meu home e máis a mi. Reunidos de novo pola intercesión dun irmán de Pedro que residía en Perpiñán, solicitámos la intervención do Comité de Axuda ós Intelectuais e partimos para México. Partimos no barco Ipanema de Burdeos

ata Veracruz pero na viaxe o barco tocou con algo e tivemos que desviarnos á illa da Martinica para arranxalo.

—Fálenos un pouco da etapa da súa vida no exilio de México.

—O chegar a México tivemos unha gran acollida, sobre todo pola boa disposición do entón presidente da república, Lázaro Cárdenas. Tódolos españoles que chegamos exiliados alí debémoslle un gran recoñecemento polas axudas que nos outorgou e polas facilidades en tódolos sentidos que recibimos. Tanto é o noso agradecemento a este señor, que o noso terceiro fillo que naceu alí puxémoslle o nome de Lázaro como recoñecemento á súa axuda.

Baixo a protección do presidente de México, meu home fundou o instituto de bacharelato Ruiz de Alarcón onde estivo a da-las súas clases ata o ano 1948 en que voltou a España por asuntos familiares.

O período de estancia en México foi moi relaxante. As xentes dalí falaban dun xeito moi suave e cun léxico tan cuidado que parecía o castelán do século XVI. As casas tiñan moitos sirventes e cando tiñan unha comida con invitados poñían oito pratos na mesa para cada un.

—Para rematar ¿cómo chegaron a reincorporarse novamente en España ós seus postos de traballo?

—Como dixen antes, o meu home tivo que voltar a España para arranxar uns asuntos familiares relacionados coa herencia, que llos defendeu como avogado Reino Caamaño. Por aquel entón non fixemos ningunha petición de reingreso ás nosas prazas por temor a represalias.

Por medio de Valentín Paz Andrade, obtivo a representación en Madrid dunha compañía de Seguros de Vida. Posteriormente fundouse a compañía Seguros Galicia e déronlle a praza da Coruña, polo que se volveu para Galicia.

Por aquel entón tentamos de recuperar as cousas persoais que tiñamos na casa de Ourense que montáramos pouco antes de comenza-la guerra, pero o seu dono, ademis de non dárnos ameazounos con denunciarnos.

No ano 1955, Franco publicou unha especie de lei de amnistía para as persoas do bando republicano que non estiveran mesturadas con delitos de sangue. Coidamos que ese era o momento de pedir o reingreso ós nosos postos de traballo oficiais e, coa axuda de persoas honradas, aínda que foran de dereitas, ocupamos as prazas de bibliotecaria e de Lingua e Literatura no instituto de Santiago ata uns anos antes da nosa xubilación que a fixemos en Madrid.

—Gracias polas súa atención

—O agradecemento é meu.

## DON JACINTO PIÑEYRO Y SOTO: Un elegante prosista brionés deste século



**V**iu a luz neste sorriseiro chan o 21 de outono de 1880. Don Jacinto Piñeyro y Soto levou sempre na súa compañía a nostalxia inseparable da súa terra natal. Toda ausencia de "los vergeles siempre verdes de mi bella tierra" semellábase un penoso desterro. Crego dignatario de aristocrático porte e gustos refinados, de conversa amena, chea de gratificantes anécdotas e lembranzas eruditas, achou folgo ás súas "morriñas" na austera paisaxe de Castela, verquendo a un castelán de nobre cuño pequenas historias vivas, ineludiblemente relacionadas coa señardade da Galicia eterna.

Terminádo-los estudos eclesiásticos co grao de Doutor en Teoloxía pola Universidade Pontificia de Santiago, foi nomeado Prefecto de Disciplina do Seminario Conciliar, despois de rexentar por algún tempo (1905-1906) o Santuario de Santa Minia —un dos seus grandes amores—. Coengo da Colexiata da Coruña: 1914-1928. Capitular Dignidade de Mestrescola da Catedral de Segovia: 1928-1950. Aquí tratou ó poeta D. Antonio

Machado, compañeiro de Claustro no Instituto de Ensino Medio. Voltou a Galicia como Arcediano da Basílica ourensá, que lle propiciaría un contacto habitual con personalidades venerables do rexionalismo: Otero Pedrayo, Vicente Risco...

Publicou tres novelas:

"EL FANTASMON" (1926). Un relato satirizante, que suscitou viva polémica por párrafos como este:

"Aquí —dijo entonces Adoquín— más que curas y flaires, lo que se necesita es un buen periódico católico, porque la prensa ya se sabe que es hoy la gran palanca que pedía Melquisedec para mover el mundo.

—Arquímedes, hombre, Arquímedes —le enmendó uno de los sacerdotes jóvenes que había sido su compañero en el Seminario.

—Bueno, tanto da —dijo él un poco amoscado”.

O personaxe central da novela era de grande popularidade e proxección en tódolos estamentos da leda "Mariñeda" daquela época.

"SU MEDIA NARANJA". —Un ramillete de simpáticas confidencias sentimentais dun amable conterráneo, compañeiro de "exilio" na capital segoviana.

"EL ULTIMO FLIRT" (1945).

—Está inspirada esta fábula na súa admiración pola "Perla de Arousa" e no cariño á súa madriña de Pía, a quen lla dedica: "Al publicar esta quisicosa, escrita al amor del brasero o cabe la estufa en las grandes noches invernales, para matar el aburrimiento y la morriña que me invaden en las frías y lejanas tierras a las que me ha llevado el espíritu aventurero...".

Figura en todas como autor "El Señor Miraval". Un seudónimo entrañable, pois herdara a casa paterna de Aguiar, espléndido balcón das galas do val maián.

Con pulcro, cristalino estilo, exento de complicados ornamentos, escribe Don Jacinto Piñeyro, que nos recorda ó lector asiduo de Palacio Valdés:

"Vaya, no me lo niegue usted —dice Javier—, hoy no dejó Frialdes de obsequiarla con un ratito de su embriagadora conversación.

Este Frialdes era un adorador platónico de Marina, que siempre que la encontraba le dirigía unas miradas lánguidas, y cuando podía, le descerrajaba unas latas de charla insípida adobadas con unas sonrisas heladas...

¿Y qué le dicen, Marina? preguntó Javier con interés.

Me insultan, pero me río. Está en verso. No sé si lo tengo aquí. Y abriendo el monedero, registrólo y sacó un papelito...

### SONETO

*Marina, la gordona, fea y vieja,  
bruja de las que van para Sevilla,  
siempre va con la hermosa Mariquilla,  
a quien ni a sol ni a sombra jamás deja.*

*Aunque ésta no profiere ni una queja,  
la tiene por su eterna pesadilla;  
cualquier Galán, que quiera a la chiquilla,  
su amiga, ardiendo en celos, se lo aleja.*

*Mas ella, muy sagaz, con aire serio,  
a espaldas del dragón, que la persigue,  
se entiende con su novio en el misterio.*

*Sin que Marina ni sospecha abrique  
tan solo ésta ¡infeliz! llevar consigue  
cada cesta, que tiembla el ministerio”.*

(EL FANTASMON)  
Repousa no cimenterio parroquial de  
Brión: † 1967.

Benito Salvado Martínez

O camiño para construí-lo moderno Estado Europeo no que os doce países componentes leben acadar uns mesmos niveis económicos e sociais ó final do proceso, está praticamente trazado, tanto pola entrada en vixencia da Acta Unica Europea, que fixará uns novos sistemas de

relacións entre tódolos países comunitarios, no ano 1992, como pola decisión acadada na última cumbre europea de xefes de Estado, celebrada en Madrid o pasado mes de xuño se fixou por primeira vez un calendario para a necesaria unificación monetaria.

## EUROPA: Unha realidade cada vez más preta

**T**ra-la xa histórica data do 15 de Xuño pasado na que os doce países membros da Comunidade Europea (Alemania, Bélxica, Dinamarca, España, Francia, Grecia, Inglaterra, Irlanda, Italia, Luxemburgo e Portugal) elixiron, por primeira vez conjuntamente, ós membros que componen o novo Parlamento Europeo, convén facer unha pequena reflexión da importancia e do significado que ten na construcción do Estado de Europa para todos nós.

En primeiro lugar, tentaremos de rebullendo dunha maneira sinxela os distintos significados que se aplican á mesma palabra Europa e que, segundo e aplique ún ou outro, o resultado para todos nós será bastante diferente.

A primeira referencia que temos de Europa, e que estudamos na escola quando éramos pequenos, fai referencia ao contexto histórico e xeográfico no que tanto galegos como españoles stivemos a participar dende sempre e con pouca importancia.

Como consecuencia da Segunda Guerra mundial, Europa dividiuse en lúas zonas ben delimitadas e totalmente distintas: a zona Oriental, composta por oito países asociados políticamente e economicamente á Unión Soviética e que coñecemos como a Europa comunista, ou a Europa do este; e a zona Occidental, composta fundamentalmente polos países que xoe componen a Comunidade Europea e que van ter un sistema de goberno totalmente democrático e un sistema económico de libre mercado, en comparación coa Europa do Leste a que a súa economía está totalmente irixida polo poder político.

Ó contemplar, hoxe en día, a preto de cincuenta anos do remate da II Guerra Mundial e da división política de Europa, os resultados tanto económicos como culturais e sociais que se dan nas dúas Europas, tan bismalmente distintos, é a causa de que, nestes momentos, esteamos a observar o máis importante cambio histórico desta segunda metade do século na Europa do Leste, ou a Europa comunista, que produce unha auténtica aproximación ós nosos



Esta imaxe que forma parte do máis peculiar ambiente rural galego, representa o modelo de explotación máis atrasado de Europa, de nula rendabilidade económica, e totalmente a erradicar se queremos ter algúnsa posibilidade de progresar dentro do Mercado Único Europeo.

sistemas políticos e económicos.

Isto non quere dicir, que a Europa Occidental, na que nós estamos insertados, teña todo o bo, e na Europa do Leste, a comunista, sexa onde está todo o malo. Nada hai máis erróneo no mundo que as reduccións simplistas. A Europa do Leste histórica e culturalmente estivo vinculada dende séculos a Europa Occidental e, na actualidade, os países que a forman teñen un alto nivel cultural e un sistema de servicios públicos básicos (ensino, sanidade, vivenda, seguridade laboral, etc.) ó alcance de tódolos cidadáns.

Pola contra, a Europa Occidental, que se está a tratar de unificar nun só estado, coas mesmas Normas, sen fronteiras limitadoras do libre tránsito, cun Parlamento Común onde se elaborarán as Leis e cun goberno común para tentar de aplicállas por igual e equilibradamente a todos; cunha moeda común, o ECU, para evita-los cambios continuados de moneda ó pasar dun país a outro; cunha política Común que faga que se vaian corrixindo as diferencias existentes na actualidade entre uns países ricos (Alemania, Inglaterra e Francia) e os países comunitarios máis pobres

(Grecia, Irlanda, Portugal, España); ten prantexados moitos problemas de difícil solución que, lexos de salva-las diferencias existentes entre uns países máis desarrollados economicamente, tende, cada vez máis, a acrecentalas de tal xeito que os ricos son cada vez máis ricos e os pobres cada vez máis pobres.

Finalmente, o cuarto significado de Europa, e ó que nos vamos a referir sempre a partir de agora, ven a falarnos do modelo ideal de Estado moderno no que a cada un de nós gostaríamos vivir. Como é lóxico, para este "Estado ideal" hai moitas fórmulas distintas, porque cada persoa, cada grupo ou país ten necesidades diferentes e fórmulas diferentes. Nesto, precisamente reside a dificultade na construcción de Europa e explica un pouco a súa lentitude.

**A**s principais diferencias existentes hoxe en día sobre os distintos modelos de Europa que se queren implantar, céntranse fundamentalmente, no resultado final do proceso de Unión Europea.

Namentras uns países, os menos favorecidos, pugnan porque o modelo final de Estado asuma nos compromi-

## Sentido adiós ó cura da Luaña

Hai un tipo de persoas, rutilantes, que se amañan para saíren nos xornais por calquera cousa que fagan, que pasan pola vida como deslumbrándonos, pero que, ó desaparecer, están ben pintados en Mt. 23,5-7 e acáenlleis moi

No ano 1968, cando Juan Jesús deixou a parroquia de Bemantes para facer estudos de pastoral en Madrid, o cronista da localidade decía que era un crego culto, intelixente, dinámico e traballador. Un bo retrato no que faltaba un aspecto moi importante que o cronista, agnóstico el, non soubo descubrir: Juan Jeús era sobre todo un home de fe e moi coherente.

Eu coñecino cando rematou os estudos de pastoral e foi destinado á Luaña, onde se propuxo facer unha pastoral renovada en consoancia das directrices do Vaticano II, o Concilio Pastoral de Galicia e os estudos que viña de facer.

Así, empezou a face-los funerais el só ou, todo o máis, axudado por outro sacerdote para oír confesións e ás veces un cantor porque el non era bo músico.

Introduciu o galego na liturxia por coherencia co seu pobo e como esixencia de encarnación.

Suprimiu os aranceis como signo de gratitudade dos dons de Deus e, como necesitaba medios para vivir, buscoulle un traballo civil nun taller de automóveis para non serlle gravoso á comunidade, segundo o exemplo de Paulo (1 Tes. 2,9).

Preparaba sempre a conciencia tódalas actividades pastorais. Recordo que o Secretario da visita pastoral do 83 me dixo: "A mellor preparada foi a de Luaña"

Era o compaño que sempre estaba disposto a asumir responsabilidades e traballo no equipo arcipresetal.

Os cinco últimos anos da súa vida pasounos en Forcarei. Alí chegou cas mesmas ideas e cas mesmas

ben aquelas palabras: "Sit transit gloria mundi". Outros, polo contrario, van pola vida caladamente, cáseque non se nota, pero deixan unha semente fecunda que xermola para o ben da comunidade.



O pasado mes de xuño finou en Forcarei o que durante trece anos fora querido e admirado párroco da Luaña, D. JUAN JESÚS COUSELO SANCHEZ.

Como recoñecemento á súa memoria, traemos a esta páxina a semblanza que para a revista Encrucillada (revista galega de pensamento cristián) escribiu o párroco dos Anxeles.

ilusións e gañas de traballar.

E o que fixera na Luaña tratou de ilo introducindo na Terra de Montes; aínda que tivo máis dificultades, xa que o clero do entorno era máis conservador. Pero el non se desalentaba.

Na última visita que lle fixen pouco antes da súa morte (era xa un esqueleto cuberto de pel), facíame referencia a isto e decíame:

"Eu respeto os seus puntos de vista e as súas actuacións para que eles respeten as miñas".

Pero o seu gran atranco non era este, porque era home constante e loitador; o seu atranco foi a enfermidade: un cáncer de esófago que foi pouco a pouco minando a súa saúde e consecuentemente o seu dinamismo.

Non quería que ninguén se preocupase por el. Era

### Parroquia dos Anxeles

## O Teatro de Castelao centra a actividade cultural

O grupo parroquial de teatro dos Anxeles sigue traballando entusiasmado. Acaban de poñer en escena a coñecida peza teatral "Os vellos non deben de namorarse", de Castelao, quizais a máis importante peza teatral da literatura galega.

Trátase dunha obra con grandes dificultades de interpretación, pero que non lles asustou en absoluto a este grupo de mozos e mozas dos Anxeles.

Xa vai xurdindo un novo cadro de actores con dominio da esceña e que pouco lle terían que envexar a máis de un grupo con maiores recursos e adicación.

Esta obra xa fora representada hai uns anos pola mocidade de Ons.

Mágoa que estes entusiastas actores de fin de semana non lle saquen o lucimiento que deberían ó seu traballo por falla de promoción: despois de pasar se

sabedor do mal que tiña e inxenuamente queríallo ocultar a súa irmá e para iso tratou de estar traballando, preparando cousas ata o último momento.

A morte atopouno en vela. "A maleta xa está preparada, só me falta fechala", era unha frase que repetía ós seus íntimos.

Consciente da inminencia da morte, foi arranxando o pouco que tiña para deixárllelo ás dúas parroquias que rexentaba. Tan detallista foi que incluso deixou asinada a transferencia do coche en favor da súa irmá.

Pero Juan era fundamentalmente un home de fe e con esperanza.

Uns quince días antes do seu pasamento chaou a un sacerdote para que lle administrara a Unción de Enfermos. Comentouno primeiro ca irmá para que non se preocupara; díolle que era un sacramento prós enfermos, e el érao.

Consecuente cas súas conviccións de educado, que os sacramentos deben recibirse en comunidade, quixo recibilo diante de toda a comunidade parroquial.

E todo isto nun clima de humildade, sinxeleza e naturalidade que lle deu á celebración un tono de coherencia e autenticidade.

*Antonio Vicente Ferreirós*

cadra un inverno enteiro ensaiando, limitándose a facer unha ou dúas representacións para, ó inverno seguinte, comezaren con outra peza.

Así e todo, o seu esforzo paga a pena: os ensaios sirvenles ós integrantes do grupo como lugar de encontro e convivencia, desinhibíndose e perden o medo a aparecer en público e, á parroquia, ofrecéndoles gratuitamente o mellor da nosa cultura.

IX Festa da Froita

## A Romaría Internacional adica a Rusia o principal espetáculo folclórico



A Festa da Froita deste no preséntase especialmente ixestiva por dous motivos: rímeiramente, porque xa as vísperas —o día 29 deullo— se ofrece un interinte programa ca celebración do FESTIVAL DE ORQUESTAS POPULARES. En segundo lugar, pola magnífica representación que irá de Rusia, un país con un enclore riquísimo e detrás o que andaban desde hai nos os organizadores da

Romaría sen conseguilo: tamén aquí terían algo que ve-los novos aires políticos da perestroika que vive a URSS.

Respecto ó Festival de Orquestas Populares programado para o día 29, actuarán: a orquesta popular Bandomiya, con un conxunto de oito músicos cuns acordeóns peculiares, procedente de Lituania, unha das tres repúblicas soviéticas, situada

na beira do mar Báltico e lindante con Polonia; país fundamentalmente agrícola, con idioma propio e con unha gran sensibilidade nacionalista frente á política unificadora de Moscú.

A república soviética de Ucrania estará representada no festival do sábado pola orquesta popular Volinianka, do Instituto de Medicina de Lvov, incluíndo no seu repertorio as mostras más características de música da URSS.

Cerrará o espectáculo o coro Riazanochka, de Riazan, cidade situada preto de Moscú, antiga e artística, dominada polo campanario da igrexa do mosteiro Spaski de 85 m. de altura.

O día 30, ca tradicional exposición de froita pola mañá, actuará o grupo de funambulistas e músicos da república de Daguestán (na representación destes xogos está a orixe do circo da URSS). A artesanía e gastronomía rusas estarán representadas polos mestres arte-

sáns das vilas de Kemerovo, Kaliningrado, Perm e Moscú (como sempre, haberá exposición e venda). Expoñerán tamén artesáns cubanos, que presentarán traballos en coiro, yute e labores de tabaco. Estará tamén a federación de artesáns de Galicia.

O gran Festival Internacional de música e danza da tarde contará ca actuación dos seguintes grupos:

Escola de Gaitas e Baile do Concello de Brión e maila Rondalla Infantil, que incluirá na súa actuación a famosa peza do mestre Magariños "Meu amor". Ballet "Os cosacos de Don", de Rostov, cidade situada na desembocadura do río Don no mar de Azov, capital cultural da Rusia sur.

Actuará tamén o "Grupo Folclórico de Oriente", de Santiago de Cuba, cas súas salsas caribeñas.

Fechará o festival o ballet "Arco Iris do Sol", da Universidade de Perm, cidade situada ó leste de Moscú, preto da cordilleira dos Urais, á beira dun dos maios encoros do mundo, o de Kamgués; é unha cidade eminentemente industrial.

## Historia da S.D. Luña

A Sociedade Deportiva Luña é un dos dous equipos de Brión (o outro é o de astavales) que participan en competicións oficiais. Dispuso os seus partidos no "Campo do Brumeiral", situado á ira da igrexa parroquial de Xulián da Luña.

A súa andaina nas competicións comeza na temporda 1981/82, na liga interrroquial chamada "Liga Tambre", na que compón unha serie de equipos que non están federados. Na campaña seguinte repite a participación nesta liga, tendo uns bons resultados ámbalas dúas ocasións.

No ano 1983, asume o seu deportivo e humano de 1983/84, e nas catro

federarse e entrar así no mundiño da competición oficial, quedando o equipo encadrado no grupo de terceira división rexional correspondente á zona do Sar. Nesta mesma tempora-

seguientes, o Luña quedou clasificado nos postos intermedios da táboa.

situación do Luña constitúe unha axuda adicional para o

Chegados á campaña 1988/89, o equipo pasa a ser filial do Negreira, clube que milita na categoría de rexional preferente. Esta nova

equipo, que pode contar así con xogadores que pertenecen á sección de xuvenís de Negreira para a disputa dos seus partidos. Con esta aportación de xóvenes futbolistas e co esforzo feito polos demais membros da plantilla, polo adestrador e pola directiva, chega o tan ansiado ascenso, como premio a todo un traballo levado a cabo neste ano e nos anteriores.

Pero esta temporda 1988/89 non remata soamente con este éxito, senón que se proclama tamén vencedor do torneo de copa do seu grupo de terceira rexional, tras vencer ó equipo de Cobas na final. Esta victoria é, ademais, o seu billete para as semifinais da Copa do Sar, que se están a disputar neste momento e nas que esperamos o mellor resultado posible.



# XORNAL VERDE

Nº 3

VOCEIRO DA MOCIDADE DO CONCELLO DE BRION

• Elabora: Grupo de Defensa da Natureza "Denociña" (GDDN)

XULLO-89

• Coordina: Equipo de Intervención Socio-Educativa (EISE)


O gran xefe en Washington enviou palabra de que deseja merca-la nosa terra. O gran xefe tamén nos enviou palabras de amistade e bos desexos. Isto é moi amable da súa parte desque nós sabemos que ten necesidade dun pouco da nosa amistade en reciprocidade. Pero nós temos en conta a súa oferta, sabemos que de non facelo así o home branco pode vir con pistolas a quitárnosla nosa terra. O gran xefe Seathl di: "O gran xefe de Washington pode contar con nós sinceiramente como os nosos irmáns brancos poden contar coa chegada das estacións. As miñas palabras son como as estrelas, non se poden deter".

Como tentar comprar ou vende-lo ceo, o calor da terra? A idea parécenos extraña. Xa que nós non posuímos a frescura do ár ou o destello da auga. ¿Cómo poden mercarnos isto? Decidirémo-lo a tempo. Cada anaco desta terra é sagrada para a miña xente. Cada agulla brillante do piñeiro, cada ribeira areosa, cada néboa nas madeiras escuras, cada claridade e zumbido do insecto é santo na memoria e vivencias da miña xente.


Sabemos que o home branco non entende as nosas razóns. Un anaquiño da nosa terra é o mesmo para el que a seguinte. Para el, que é un extraño que ven na noite e nos quita a terra onde a necesite. A terra non é a súa irmá, é a súa enemiga e cando a conquistou retírase de alí. Deixa atrás a sepultura do seu pai e non lle importa. Esquençe tanto a sepultura do seu pai como o lugar onde naceu o seu fillo. O seu apetito devorará a terra e deixará só un deserto. Só o ve-las súas cidades enche de medo os ollos do pelbermella. Pero quizais isto é porque o pelbermella é un salvaxe e non entende...

Non existe un lugar pacífico nas cidades do home branco. Ningún lugar para ouví-las follas da primavera ou o susurro do vó dos insectos. Pero quizais porque eu son un salvaxe non o dou entendido, o repiquetear parece que insulta os ouvidos. ¿E qué vivir, se o home non pode ouvilo adorable lamento do chotacabra ou o argumento das rás arredor dunha charca na noite? O indio prefíre o agradable son do vento lanzado sobre a cara do estanque, olfatea-lo vento, limpo por un mediodía de chuvia ou pola esencia dun piñeiro. O ár é algo moi apreciado para o pelbermella. Coma un agonizante de moitos días, está entanguecido para respirar. O home branco non parece nota-lo alento do ár.

Se decidira aceptar faríao cunha condición. O home branco debe trata-las bestas da terra como ós seus propios irmáns. Eu son un salvaxe e non o entendo de ningunha outra forma. Vin milleiros de bisontes mortos polo home branco para que poidera pasar un tren. Eu son un salvaxe e non entendo como o fume do cabalo de ferro pode ser más interesante que o bisonte, ó que nós matabamos só para poder sobrevivir



## a fiestra



Os nosos fillos viron ós seus pais humillarse pola defensa. Os nosos guerreiros pasaron vergoña, e cambiaron os seus días de lecer, e contaminan os seus corpos con dóce comida e bebida. Importa pouco onde pasemos o resto dos nosos días —non somos demasiados—. Unhas poucas horas, uns poucos invernos e ningún dos cativos das grandes tribus, que algunha vez viviron sobre a terra, saíran para lamentarse das tumbas dunha xente que tivo poder e esperanza.

Sabemos unha cousa que algunha vez o home branco a descubra. O noso Deus é o mesmo que o deles. Vostedes pensan que agora o posúen, como desexan posuí-la nosa terra. Pero non pode ser. El é o Deus do home e a súa compasión é indistinta para o branco que para o bermello. A terra é algo moi preciado para El, e o detrimento da terra é unha chea de desprecios para o Creador. Os brancos tamén lles pode pasar, quizais cedo, o mesmo que ás nosas tribus. Continúen contaminando a súa cama e afogaranse unha noite no seu propio deserto.

Cando os bisontes sexan exterminados, os cabalos salvaxes amansados, encoidos os rincóns segredos dos bosques, co alento de tantos homes, ¿onde estará o mato?, marcharase, ¿onde estará a águia?, marcharase. Dicir adeus ó voar..., dicir adeus ó cazar..., a esencia da vida comeza a extinguirse.

Nós entenderíamos se soubésemos o que o home branco soña, ¿qué espera describir ós seus fillos nas longas noites de inverno?, ¿que visións arden dentro dos seus pensamentos?, ¿qué desexan para o mañá? Pero nós somos salvaxes. Os soños do home branco están agachados para nós, e porque están agachados camiñaremos polo propio camiño. Se chegamos a un acordo será para asegurar-la súa conservación tal e como o prometeron. Aló quizais poidamos vivi-los nosos poucos días tal e como o desexamos. Cando o derradeiro pelbermella se esfume da terra e a súa memoria sexa só unha sombra dunha nube atravesando o prado, estas ribeiras e prados ainda estarán retidas polos espíritus da miña xente, polo amor a esta terra como os recén nados aman o son do corazón das súas nais. Se lles vendemos a nosa terra, ámena como nós a amamos. Preocúpense dela, coma nós nos preocupamos. Manteñan a terra coma agora a adquiren, con toda a súa forza, con todo o seu poder e con todo o seu corazón. Consérvena para os seus fillos, e ámena coma Deus nos ama a todos nós. Unha cousa sabemos, o seu Deus é o noso Deus. A terra é preciosa para el. Nin o home branco está exento do destino común...

### O XEFE SEATHL

\* Esta é unha carta dirixida ó presidente Franklin Pierce, dos Estados Unidos, no ano 1855 polo xefe Seathl da tribu Suwamish do Estado de Washington pola proposta de compra da terra da tribu.



# arredor

## ollo que queima

### A participación dos mozos e das mozas nas excursións

¿Góstavos as excursións?... de seguro que si. Pásase de maravilla; ademais de coñecer sitios onde nunca estivemos e de facer novos amigos, podemos xogar e rir o dío, ata que xa non poidamos máis.

A primeira excursión que fixemos no Concello na que pasamos dúas noites fóra foi ós Ancares, e pasámolo moi ben. Aparte de algúns outros incidentes como caídas nun regato ou torceduras nos nortellos todo o demáis foi abuloso.

E logo á Serra de San Mamede no pasado xaneiro, iso si que foi insuperable!. Houbo risas e troula ata altas horas da mañá. Na volta todos e todas trajamos reflexado na cara o cansancio... e sobre todo a tristura pola fin da viaxe.

E algo no que me fixei nestas saídas foi na maior asistencia de nenos que de nenas. De cada vinte, alomenos quince eran rapaces. E a verdade é que non deixo de preguntarme o porqué. ¿Por qué as nais deixan ir ós rapaces e ás rapazas lles poñen tantas pegas? Para que

unha nai ou un pai deixe ir á súa filla sen poñer obxecións, ten que ir con outra rapaza xa sexa a súa irmá, prima ou veciña, pero o que é "ela soa no medio dos rapaces, non, iso nin de broma, qué vai ir".

¿Pero a qué teñen medo? ¿A que as coman? ou ¿a que se perdan?

Pois se é por iso poden estar tranquilas, xa que nós procuramos levar comida de abondo para non ter que tirarnos ó canibalismo. E en canto a perderse, non hai por qué preocuparse, xa que uns miramos polos outros, e procuramos voltar alomenos os/as que saímos.

E dende aquí animovos a participar a todas e a todos nestas viaxes. E unha forma moi bonita e divertida de aprender algo novo.

¡Veña, ánimo, xa verás que ben o pasas!

¡Tí ven, nós garantizámosche a diversión!

Delia Tojo Suárez

### PARA CAVILAR

#### REPARACIONES DE COCHES M. E S.

Marta e Sonia son dúas rapazas que viven no Municipio. Teñen entre vinte e trinta anos. Amba-las dúas remataron unha carreira técnica con un bo dominio das ciencias, as matemáticas e a mecánica do automóbil. Desde aquela traballaron no taller de Roxelio Da Silva. Teñen sete anos de experiencia e unha excelente sona como mecánicas de coches.

Marta e Sonia están en condicións de instalar o seu propio taller: "Reparacións de coches M. e S." Aforraron o diñeiro necesario para que o seu negocio funcione. Sonia falou co dono dun garaxe e preguntoulle se se alugaba. O propietario contestou: "Sí señorita. Dígalle ó seu xefe que pode vir cando queira. Estou desexando alugalo".

Sonia foi pola tarde a falar con el. Este preguntoulle: "¿Onde está o teu xefe"? Cando Sonia lle dixo que quería alugalo para ela, o dono riuse e comentoulle perplexo: "¿Qué? ¿Tí queres aluga-lo garaxe? ¡Qué gracia!".

— "Eu non estou casada. Son mecánica de coches. Aquí ten a fianza do aluguer".

— "Mire señoriña, non lle vou a aluga-lo garaxe. Perdería cartos. Vostede nunca poderá paga-lo aluguer. Nadie neste povo viría a un garaxe levado por mulleres. ¡Pénselo ben!"

1. ¿Cómo te sentirías se foses Sonia?.
2. ¿Cáles son os prexuicios do dono do garaxe con Sonia?.
3. ¿Qué ideas previas das mulleres ten o dono do garaxe?.
4. ¿Cómo perxudican estas ideas a Marta e a Sonia?.
5. ¿Cómo perxudican estas ideas ós habitantes do Municipio?.






# de nós



## As Torres de Altamira



Situadas no alto de un outeiro, e dominando as extensas e fermosas terras, tanto do Val de Barcala como o da Amaia, encóntranse as ruínas do que outro tempo foi a fortaleza de Altamira, e que hoxe dá nome á pequena aldea das Torres de Altamira, sita mesmo ó seu pé.

A fortaleza está dividida en dúas partes, supostamente a meirande sería a que ocupaban os señores, e a outra a servidume.

Nunha parte está o que poderiamos chama-lo mirador, ata onde se pode subir con bastante facilidade quedando a unha gran altura. Tamén se pode entrar á parte inferior onde se conservan en moi bo estado tres ventanuxos, ollando un para o Sur, outro para o Leste e outro para o Oeste. Desde o Sur podemos ve-lo tellado das Torres de Altamira e a Boaventura, pequena aldea que se encontra a uns trescentos metros. Levantando un pouco a vista vemos vendo outras aldeas: Brión de Abaixo, Brión de Arriba, Liñares, Gundín, Cabana, Buio... E ó fondo ó fondo, os montes de Saime e Boullón.

Dende o Leste vemos todo o monte

de Brans de Arriba, coroado coa Pedra da Ucha.

Polo o do Oeste vese unha gran agra, onde remata o Val da Amaia e empeza o de Barcala, véndose tamén algunhas casas de Calo.

Na outra parte hai unhas paredes con varias ventás de asento, aínda que é bastante máis difícil o acceso, hai moita xente que chega a subir ata enriba, dali pódese ver Trasmonte, e segundo te viras cara a dereita ve-lo Pedroso, e ata alcanzas ve-las Torres da Catedral.

No medio destas dúas partes da fortaleza hai un espacio bastante grande, supostamente a sala de armas. Mesmo a un lado hai un alxibe ata hai ben pouco atacado de pedras.

Moitos dicían que tiña unha enorme profundidade, outros que era a entrada dun túnel con pasadizos, pero a verdade é que cando lle sacaron as pedras todos se levaron unha sorpresa, pois aínda que está moi ben construído só ten arredor duns tres metros.

Non se sabe moi ben a que xénero arquitectónico pertencen estas ruínas, pois parece Románico en medidas e Gótico na súa distribución.

Tampouco se sabe con moita exactitude a data na que pudo ser construído, aínda que nos podemos remontar quizais ata o século nove.

O que si se sabe é que os Moscoso, que eran unha linaxe moi ilustre, fixeron de Altamira cabeza dos seus estados, utilizando esta fortificación para facerlle frente ó Arcebispo de Santiago.

Tamén se sabe que cara mediados do dezanove foi totalmente abandonada polos seus señores, estando xa por aquela época bastante desmantelada, polo correr dos anos. A partir desta data xa entrhou nunha verdadeira ruina. Cara o 1872, despois da total creba financeira da casa de Altamira, Dona Luisa Osorio de Moscoso, na que recaera toda a propiedade, acordou vender tanto o castelo como as fincas. Comprou todo isto un paisano que fixera o seu capital na América, e empregou boa parte da pedra en construir a súa propia casa.


O que quedou en pé, adquiriuo máis tarde o Arcebispo de Santiago e mandou utilizar toda a pedra que fixera falla, tanto na restauración da igrexa de San Fins, coma na construcción da capela de Santa Minia.

E así, pouco a pouco fórone derrubando as paredes do que noutros tempos foi sen dúvida un dos grandes centros de poder en Galiza.

Por último, fai poucos anos a Dirección Xeral de Belas Artes adicouse a limpar e reforza-lo que aínda quedaba sen destruir. Parece ser que se toparon algúns restos arquitectónicos.


Hoxe en día, as ruínas pertencen á Deputación Provincial de A Coruña: esperemos que as fagan respetar!

Para rematar, só comentar que cada día son máis os visitantes que as veñen a ver, sobre todo cara a primavera e verán, e moitos aproveitan o centro ou os campos que hai arredor para as súas merendas. Algúns hai que recoñecer que son moi considerados, pero outros unha vez que marchan, deixan detrás deles unha verdadeira esterqueira: latas, papeis, bolsas, botellas,... en fin todo o que non lles serve pero que afea e contamina bastante a paisaxe. ¡Oxalá que pouco a pouco vayamos tomando conciencia do valor da nosa riqueza artística!



# encontros con animais

## O CUCO (Cuculus Canorus)



O cuco é unha ave que ten máis ou menos o tamaño dunha pomba, mide entre 32 e 34 centímetros.

O que máis destaca no seu corpo son a cola e as ás, que son bastante puntiagudas.

A maior parte desta especie ten o peito e a parte superior do corpo dunha color gris azulada, e a inferior é branca cunhas raias obscuras.

O reclamo do macho é case sempre de dúas sílabas "cucuc", pero hai veces que incluso chega a tres, pois logo o "cucuc" vai un "ahahah".

Está moi extendido entre Europa e Asia, chegando tamén ata o límite Norte dos Trópicos. Aniña en soutos, bosques, campos con poucas árbores e incluso en hortas.

Os cucos poñen os ovos entre maio e xuño, áinda que non se sabe con exactitude a cantidade que chegan a poñer, alcúllase que de dez a vinte.

E unha ave moi curiosa porque, en vez de construí-lo o seu propio niño e incubar, reproducése parasitamente depositando os seus ovos en niño alio.

A femia, tras descubri-los niños adecuados, visita os paisas veces, retirando despois un ovo de cada vez para ir depositando os dela. Case sempre elixen niños que están ó chan, en arbustos ou construccions.

### cucarandaínas

Ana Regueiro Montero - Xan Carlos Paz Seixas

Hai unha gran cantidade de paxaros que se axustan ás necesidades do cuco. Pódense encontrar ovos deles en niños de ata cen especies distintas en toda Europa.

Por aquí nos que máis se atopa é nos de lavandeira, e nos de paporrubio.


A cría sae dos ovos ós 11-12 días. As poucas horas e ainda sen ver, xa empeza a limpa-lo niño de obxectos estranos.

Pouco a pouco vai tirando os ovos da posta dos seus pais adoptivos, ou ben os pequenos polos se é que xa naceron. Este traballo lévalle de tres a catro días. Non pode demoralo máis, pois como medra tanto precisa para si só todo o alimento que os pais vaian traer.

Case sempre os pais adoptivos do cuco son más pequenos que a propria cría. E moi curioso ver, por exemplo, a unha lavandeira dándolle de comer a unha cría de cuco, pois é tan grande a diferenza de tamaño entre eles que a cabeza da lavandeira collarialle sen moito esforzo dentro do pico aberto.

En caso de que o niño se lles quede pequeno aliméntaos fóra.

Son insectívoros, sobre todo comen eirugas e bolboretas, entre elas as peludas, as que case tódolos paxaros rexeitan. As femias tamén se alimentan dos ovos de outras aves.



SUBVENCIONADA POLA  
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO  
TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS  
Dirección Xeral de Ordenación Territorial e  
Calidade Ambiental



Equipo de Intervención Socio-Educativa

## Actividades Culturais desenroladas

### Escola de Teatro

Boa marcha leva a xente nova da Escola de Teatro. Tra-lo comenza do "2º Obradoiro de Teatro", pronto se puxeron a traballaren en curtas actuacións ó cabo de cada sesión do sábado. Froito do seu traballo continuo foi a representación en tres actos da "Historia de Paco Pixiñas", inspirada nun epílogo de Celso Emilio Ferreiro ó romance de Arístides Silveira, o 17 de maio, día das Letras Galegas.

### Encontro de Teatro Afeizoad. Brión 89.

Boa noticia tamén para os/as que disfrutan co teatro, xa que tivo unha acollida positiva o proxecto: "Encon-

tro de Teatro. Brión 89", presentado polo equipo de Intervención Socio-Educativa, a Área de Teatro da Subdirección Xeral de Promoción Cultural (Consellería de Cultura e Deportes). A aprobación do devandito proxecto, cunha subvención de 400.000 pts., vai ser investida en representacións teatrais, de monicreques, de espectáculos de animación na rúa, e de obradoiros de construcción de material teatral. Todas estas actividades comenzarán a mediados do mes de setembro.

### Charla na Casa de Cultura

A APA do Colexio Público de Brión e máis o Equipo de Intervención Socio-Educativa, organizaron o

pasado xoves 15 de xuño, unha carla sobre das "Saídas Profesionais e Educativas ó remata-lo EXB". O conferenciante, Antonio Rial, profesor de Formación Profesional e membro do Instituto de Ciencias da Educación de Santiago, describiu toda unha serie de centros de FP e de BUP, onde teñen mellor acceso os/as alumnos do Concello. Despois de dar información respecto dos seus enderezos e especialidades con que contan, pasou a explicar como quedaría o sistema educativo tra-la reforma que se vai imprimantar. Destacouse coma moi importante o que os/as alumnos que saian do EXB (con Certificado ou con Graduado

Escolar), se dirixan a cursaren FP denantes de accederen a un traballo en malas condicións laborais (pouco pagado, sen Seguridade Social...), xa que así contarán cunha maior formación profesional.

### Becas 89-90

Xa está en funcionamento o Servicio de Información e Asesoramiento para a solicitude de Beca Escolar para o curso 89/90. Este Servicio tenta prestar axuda en canto ás dúbdidas que lles xurdan a tódalas persoas que queiran acceder a este tipo de bolsas económicas. O horario de atención será de martes a xoves, durante os meses de xullo, agosto e setembro, e de 11:30 da mañá a 2 da tarde, na Casa do Concello de Brión.

## Plan da Deputación e da Xunta contra incendios



Dos incendios foresais pouco hai que falar que no sexa disco raiado de tódolos anos. Estamos acostumados a que, cando aínda non ben está enxoitada a tona da terra das chuvias, éstes se presenten puntuais como a arribada das aves migratorias.

Na nosa comarca, financiado pola Xunta e maila Deputación, acábase de poñer en marcha un plan de prevención e extinción de incendios que, na súa formulación, resulta novedoso. Queira Deus que así resulte efectivo.

O plan abarca os Concellos de Rois, Serra de Outes,

Negreira, A Baña, Val do Dubra, Ames e Brión. Cada Concello contratou por tres meses, de xullo a setembro, cadansúa brigada de obreiros para vixiancia e extinción de incendios, dotados cas correspondentes ferramentas, incluso equipo de radio para intercomunicarse e manter contacto permanente cás dos outros municipios.

Están a punto de ser entregados para toda a zona dous equipos de maquinaria compostos de camión-cisterna e tractor con desbrozadora de brazo; a base destes equipos estará en Brión e A Baña respectivamente.

## Programa de actividades do Verán

O concello publicou este verán un folleto explicativo de tódolos actos, festas e actividades de interese previstos para esta temporada. Como no folleto se detallan as diferentes festas e demais actividades culturais e deportivas dende o mes de maio, algunhas xa teñen pasado. Xa van alá as festas de San Isidro nos Anxeles, de Santa Rita en Ons, Corpus Cristi na Lúaña e Anxeles e tamén en Bastabales. En xuño foi o santísimo Sacramento en Cornanda e o San Xoán en Viceso. Fíxose en maio unha viaxe á Semana Verde de Galicia de Silleda e en Xuño outra da Terceira Idade á Virxe da Barca en Muxía.

Pero aínda hai moito verán por diante e é cousa de aproveitalo porque parece que o tempo vai axudar; así, seguindo co programa das festas tradicionais e populares temos en xullo o S. Antonio en Alqueidón —os Anxeles— o día 9, Vixe do Carme en Bastavales os días 15 e 16 e a Virxe do Carme na Lúaña o día 23. Agosto é un mes ateigado de festas importantes como as patronais de Brión (días 1-2-3), de S. Salvador (días 5-6) e dos Anxeles (días 15, 16, 17 e 18), S. Xulián en Lúaña o 11, Sto. Arandel en Bastabales o 27, S. Ramón no Tremo (Os Anxeles) os días 30 e 31 e a Virxe do Rosario en Cornanda o 27. Xa en setembro hai que ir ós Milagros de Bastabales, a Sta. Eufemia de Ons o 16 e ás festas patronais de

Boullón os días 29 e 30.

Falando do que ten proposto o Concello, hai suxerencias para tódalas idades. Para xullo temos unha viaxe á Virxe de Fátima en Portugal os días 10, 11 e 12, os cursiños de natación que se imparten como tódolos veráns nas piscinas das parroquias; este ano dende o 1 ata o 29 de xullo, e do 29 ó 30 a Festa da Froita; do 31 e de xullo ó 12 de agosto haberá campamento infantil no Porto do Son para nenos de 8 a 12 anos. Para o mes de setembro está previsto a festa dos Vellos o día 2, o maratón Santa Minia e carreira de cabalos o 24, e a romería de Sta. Minia o 26 e 27, a festa grande do Concello. E agora, xa co programa na man, só queda divertirse e disfrutar do bo tempo.

PINTURA \* DECORACION

## SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA

PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo  
Teléfonos 563713-594449-884012

SANTIAGO



## Construcciones

## FRAGA

Obras de Albañilería en xeral

BRION

Teléfono 887179

## PANADERIA



## SERRAMITO

Os Anxeles-Brión

Tel. 88 71 55



## Adega

## «SANTA MINIA»

VINO RIBEIRO (Granel - Embotellado)

GASESOSAS

CERVEZAS

LAMIÑO - BRION

Telf. 887282

## PASATEMPOS

### SOPA DE LETRAS

Busca en tódalas direccións (arriba-abixo, esquerda-dereita, diagonal e viceversa) os doce meses do ano.

S X U M I L B E T U A Z  
E S T A X F E A M M O Q  
T S U R A A S E Z A N T  
E O T Z G I N F B I I H  
M U Ñ O R B M E V O N A  
B I S S O Q L L I R B P  
R T A N I Ñ I G E R I E  
O O X F E B R E I R O G  
O L L U X U C L A X V V  
G Z V U F Q A I H B E P  
N U Ñ O N O U T U B R O  
H O R B M E C E D C V I

Multiplicando os números da serie natural por 8, encontrámonos con productos de tal maneira que ó sumar los valores absolutos das súas cifras, forman unha sucesión decrecente:

1 x 8 = 8 .....	8
2 x 8 = 16; 1 + 6 = 7 .....	7
3 x 8 = 24 ; 2 + 4 = 6 .....	6
4 x 8 = 32 ; 3 + 2 = 5 .....	5
5 x 8 = 40 ; 4 + 0 = 4 .....	4
6 x 8 = 48 ; 4 + 8 = 12; 1 + 2 = 3	3
7 x 8 = 56 ; 5 + 6 = 11; 1 + 1 = 2	2
8 x 8 = 64 ; 6 + 4 = 10 ; 1 + 0 = 1	1

O número 9 é o resultado das seguintes fraccións feitas coas dez primeiras cifras sin repetir:

$$\frac{97.524}{10.836} = 9 \quad \frac{95.823}{10.647} = 9 \quad \frac{95.742}{10.638} = 9$$

ou tamén o resultado das seguintes, feitas coas 9 cifras significativas, asemesmo sin repetir:

$$\frac{75.249}{8.361} = 9 \quad \frac{58.239}{6.471} = 9 \quad \frac{57.429}{6.381} = 9$$

Compróveo vostede.

### COMPROBEO VOSTEDE

Con 4 pesas, dę 1, 3, 9 e 27 quilos, postas convintemente nos platillos dunha balanza, pódese pesar de un en un, desde 1 ata 40 quilos.

	prato esquierdo	prato dereito
1 quilo	1	—
2 quilos	3	1
3 quilos	3	—
4 quilos	3 + 1	—
5 quilos	9	3 + 3
6 quilos	9	3
7 quilos	9 + 1	3
8 quilos	9	1
.....	.....	—
36 quilos	27 + 9	—
37 quilos	27 + 9 + 1	—
38 quilos	27 + 9 + 3	1
39 quilos	27 + 9 + 3	—
40 quilos	27 + 9 + 3 + 1	—

D	I	F	A	O	C	U	G	H	L	A	G
E	O	B	C	A	D	O	L	I	C	M	A
S	U	P	B	V	A	R	T	N	O	S	L
I	L	A	M	A	R	I	O	R	N	U	I
A	L	O	E	C	N	A	C	P	O	L	N
O	R	I	C	A	S	R	O	B	I	C	A
R	C	I	D	U	L	A	T	E	S	T	S
U	D	F	O	G	I	R	R	U	B	S	S
D	M	I	O	D	E	F	A	R	E	L	O
M	P	A	M	T	E	R	L	A	R	A	O
P	A	S	T	O	R	M	A	L	A	E	R
A	L	E	A	L	L	E	V	O	S	S	A

### CURIOSIDADES MATEMATICAS

O número 100 pódese escribir empregando unha soa vez cada unha das nove cifras significativas:

$$100 = 1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + (8 \times 9)$$

$$100 = 74 + 25 + 3/6 + 9/18$$

$$100 = 96 + 2.148/537$$

sos que se van asinando obxectivos comúns que fagan referencia ós niveis sociais, educación, condicións laborais, etc. a acadar paralelamente ós estrictamente económicos e políticos; o resto dos países comunitarios, que xa teñen nestas árees de prestacións sociais, acadado un alto nivel de conquistas e saben que a eles precisamente lles tocaría contribuir máis a que os outros alcancen o mesmo, prefieren que os acordos se limiten exclusivamente ás árees de intercambio comercial, seguridade, defensa e política exterior, deixando a cada país ó seu aire para resolve-los seus desequilibrios tanto interiores como exteriores. Estas dúas concepcións sobre o resultado final de unión Europea, tan diferentes é o que se está a chamar a Europa dos pobos frente á Europa dos mercaderes.

Pero, a pesar destes diferentes modelos cos que se está a batallar constantemente, existen outros aspectos xa más particulares e concretos: Imposto do Valor Engadido (I.V.E.); controles sanitarios, libre competencia, sistemas políticos democráticos, gra-dos de participación tanto institucional como económica de cada país, os sistemas de governo e monetarios comúns (Parlamento Europeo, ECU), coordinación das producións agrícolas e industriais, control de calidad dos productos, modernización das explotacións tanto agrícolas como industriais, libre movemento dos traballadores, homologación das titulacións académicas, programas de investigacións comúns, etc., nos que hai un acordo total e unánime de tódolos países que hoxe integran a Comunidade Europea e que para os países que van más rezagados na súa integración, como é o caso de España, supoñen un gran esforzo na tarefa de modernización e equiparación ós modelos europeos imperantes.

Neste sentido, principalmente, é onde se observa o camiño percorrido pola nosa Comunidade de Galicia na aproximación a ese modelo Europeo, que a nivel económico, educativo, agrícola e industrial xa está funcionando dende hai anos noutros países.

Estes modelos que representan o principal reto tanto cultural como económico para a nosa comunidade galega, non só veñen obrigados pola nosa inclusión na Comunidade Europea senón que tamén é unha esixencia da propia dinámica do progreso a escala mundial que obriga a tódolos países, sociedades e culturas a unha constante e permanente modernización dos seus sistemas de producción e comercialización nun mundo onde cada vez máis desaparecen máis fronteiras.


**S**e observamos a evolución de Galicia nos últimos anos, deca-tarémonos que sobre todo coa chegada da democracia, certos aspectos da nosa realidade recibiron un importante pulo. Aumentaron e melloraron considerablemente en todo o ámbito da nosa Comunidade as vías de comunicación, de tal xeito que praticamente pódese chegar en coche a calquera lugar da nosa xeografía; ampliáronse a un mínimo nivel aceptable as superficies das explota-cións agrarias mediante o mecanismo das concentracións parcelarias; moder-nizáronse os sistemas de explotacións cun alto grado de mecanización dos traballos agrícolas; extendéronse enormemente as vías de comercializa-ción dos produtos agrarios galegos de tal xeito que unha parte importante das rendas familiares proveñen dunha maneira regular por esa vía; introduci-ronse paulatinamente os mecanismos de control de calidad dos productos agrarios (saneamiento do gando, control veterinario das explotacións, insemina-ción artificial, análises sanitarios dos productos elaborados, control dos sistemas de conservación e envasado, etc.); diversificáronse e seleccionáronse os productos más rentables para os diferentes tipos de explotacións; e extendéronse a toda a poboación rural as principais prestacións sociais: sanidade gratuita, pensións de vellez, viuvedade e orfandade, subvencións ás modernizaións das explotacións, servi-cios de información e apoio ó medio rural.

A Europa, como ideal dun estado moderno, ten que recoller e aproveitar todo o longo e ancho río de tradicións, costumes, culturas, que ó longo da súa

milenaria historia foron florecendo como froito da heridade común do glorioso pasado dos dous focos culturais más importantes da antigüi-dade, como foron Grecia e Roma.


A nosa tradición cristiana, os nosos ritos de culto á natureza peiorativamente tildados de pagáns e que foron asimilados polos ritos cristiáns, a nosa racional visión do mundo, a nosa tendencia ós sistemas democráticos do exercicio do poder, o baseamento do orden social sobre un estado de dereito, a nosa concepción de libre comercio, e, en definitiva todo aquello que conforma e define a nosa peculiar maneira de vivir, pensar e relacionarse, arrinca das profundas raíces históricas comúns que nos vinculan dende hai dous mil anos ás míticas culturas de Homero e Virxilio.

A conciencia de que a finais da II Guerra Mundial a hexemonía cultural, política e económica que ostentou Europa dende case dous mil anos remataba en favor de Estados Unidos e Rusia, espertou nalgúns dirixentes un intento de rexurdimento a base da idea de creación dunha gran nación europea resultante da unión federal de tódolos pequenos estados, e que comezará a ser realidade a primeiros do ano 1992, en que entrará en vigor a xa famosa ACTA UNICA onde se recolle o modelo de novas relacións que van a rexir en tódolos países comunitarios. En definitiva, ser máis europeos significará estar cada vez máis someti-dos a unhas regras elaboradas por todos, para que todos participemos do esforzo e dos beneficios que reportará esa Europa ideal do Estado máis moderno do Mundo.



A modernización de Galicia é unha realidade prometedora na que se observa cada vez máis na mellora das explotacións agrícolas e gandeiras nun proceso imparable de acercamento os niveis de rendabilidade económica dos países comunitarios.

# PREHISTORIA: A cultura megalítica e Castrexoa



Aínda que no noso Concello non temos ningún exemplar de Dolmen, polos numerosos restos de mámoas existentes sabemos que houbo importantes asentamentos humanos da cultura megalítica (Mega=grande; litos=pedra). O DOLMEN é un monumento constituído por tres pedras cravadas no chan verticalmente sostendo unha horizontal, é moi abundante en Galicia, onde as xentes relaciónaos con todo tipo de lendas de esouros, encantamentos e historias de mouros.

**D**s más antigos habitantes dos que temos noticia neste municipio remóntanse a varios miles de anos atrás, concretamente .000 - 3.500 anos.

Isto sitúanos cronolóxicamente un período que os historiadores omearon PREHISTORIA e que barca aproximadamente medio millón e anos. Nela prodúcense unha serie de ogros tecnolóxicos que serán aase dos futuros descubrimentos modernos: roda, metalurxia, lume, cerámica, etc.

Precisamente o que hoxe coñecemos desta etapa é gracias a unha serie de obxectos creados por aqueles homes: ferramentas, armas, tumbas, igares, etc., e que dalgún xeito condicionaron as divisións que deste período se fixeron: idade de pedra paleolítico, neolítico) e idade dos metais (cobre, ferro e bronce).

Todo isto sen chegar a coñecela critura, que xurdirá máis tarde; con a xa entrariamos na chamada HISTORIA.

## CULTURA MEGALITICA

Segundo a prehistoria na nosa terra, os restos más antigos corresponden co megalitismo (*mega*= grande; *os*= pedra): unha das moitas etapas culturais deste período e que literal-

mente significa a cultura das grandes pedras; xa que nesta época hai unha tendencia á construcción de grandes monumentos de pedra: dolmens, menhires, etc.

En Galicia un dos restos más característicos deste período e tamén más abundantes son as MAMOAS. No noso concello contamos cunha boa representación: "o Campo de Mámoas de Raña Longa". Un conxunto de 20 a 30 mámoas, desgraciadamente todas destruídas e alteradas, xa que ó longo do tempo foron saqueadas e violadas.

Estas mámoas (tamén chamadas túmulos) son unha especie de montículos circulares (entre 10-30 metros de diámetro por 2 a 3 metros de altura), formados por capas de terra e con unha

*"A roda, o traballo cos metais, o lume, a cerámica, etc., que nos resultan tan comuns, representaron para o home primitivo un avance tecnológico tan importante como hoxe para nós os ordenadores".*

O CASTRO, que constituía o principal modo de asentamento dos Celtas, que dominaron Galicia durante mil anos (550 a.C. a 500 d.C.) é un termo totalmente incorporado á cultura galega, tanto nos topónimos (Socastro, Castrocaldelas, Vilar de Castro, volta do Castro, Castrofeito...) como nos apelidos das persoas (Castro, Castroviejo, Castromil...).

cámara no seu interior. Podendo estar cubertas por unha coiraza de empedrado.

A súa función é eminentemente funeraria e nelas soterrábanse os membros da comunidade de forma colectiva, xunto cas súas pertenzas persoais. De aí que sexa fácil atopar nestas tumbas cerámicas, adornos, obxectos persoais, etc.

Disto despréndese a importancia que desempeñaban os mortos neste tipo de sociedade, onde se converteiron en algo divino capaz de intervir a favor ou en contra do mundo dos vivos.

Por outra banda, o carácter monumental destas construccions que destacan na paisaxe sinala a existencia, non só dunha necrópole, senón tamén dun territorio que domina a comunidade dos vivos.

## CULTURA CASTREXA

A outra cultura de que temos coñecemento neste concello é a CASTREXA, moito más próxima a nós no tempo, podéndose datar entre o ano 500 antes de Cristo e o 500 d. de C.

O seu nome ven dado polos asentamentos que a caracterizan: OS CASTROS.

Estes eran poboados de forma

circular defendidos por murallas e que normalmente estaban enclavados en lugares altos, con fin de conseguir unha mellor defensa.

No interior destas murallas situábanse as vivendas.

Se no megalitismo contabamos con abundantes restos, o mesmo podemos afirmar dos castros, estando catalogados:

—Un en Ons, desfeito case na súa totalidade.

—Castro de Forxán, na parroquia de Viceso, aínda conserva a súa forma oval, rodeado por un terraplén.


—Dous na parroquia de Brión: o de Lamiño, bastante ben conservado con tres murallas circulares, incluso se encontraron restos dalgúnha casa e anacos de cerámica; e o de Altamira, sobre o que se construiría posteriormente o castelo.

—E xa, por último, o Lupario, en Bastavales, un dos mellor estudiados de Galicia.

O feito de que aparezan as murallas como unha das características nestas construccions non é algo casual, senón que indica o carácter bélico destas xentes, e incluso unha época de bastante inseguridade: a guerra ocupaba un lugar moi importante nas súas vidas, na que incluso chegaron a participar as mulleres.

Para o final da cultura castrexa non se pode dar unha data concreta. Se ben no século II antes de Cristo comegan a chega-los romanos, isto non

Perfil de Mámoa




As “mámoas”, ó igual que os Dólmens constitúen o que se chama monumentos funerarios da antigüidade prehistórica; isto revela unha preocupación destes grupos humanos por unha vida tra-la morte. Galicia ofrece, a pesares da continua destrucción de moitos destes túmulos, unha importante cantidade de exemplares deste tipo.

*“Os castros son pequenos montes rodeados dunha muralla bastante alta que lles servían de defensa. Dentro están as casas protexidas dos roubos de gando e dos froitos da colleita habitual naquela época”.*

significa o fin desta cultura, nin que sexa absorvida por completo por eles. O que se produce é unha coexistencia das dúas culturas, con progresiva influencia da romana, pero conservando a castrexa moitos dos seus rasgos: relixión, arte e incluso as bases da súa economía.

Como se pode ver, o noso concello é bastante rico en restos prehistóricos. Pero só de nós depende que a súa conservación sexa unha realidade, evitando sempre que unha serie de intereses acaben danando esta riqueza.



O castro Lupario, situado nos límites do noso Concello, no extremo da parroquia de Bastavales, e do que se conserva sobre todo a muralla case integramente, está relacionado coa lenda da famosa raiña LUPA (Lupa= Loba) e o traslado do corpo do apóstolo Santiago dende Padrón a Santiago. Non é

casualidade que preto del atópase a carballeira onde se celebra a importante feira do San Martiño, seguramente relacionada con antigas festividades paganas de culto á natureza, moi arraigadas en Galicia e asimiladas polos ritos cristiáns.

## Resultados optimistas na 3.ª campaña e Saneamento do Gando

Hai un mes que rematou no noso concello a terceira campaña de saneamento do gando. Como se recordará, en 1987 fixérase a primeira, n carácter voluntario; a que ven de rematar é a segunda na que —polo seu carácter de rigorosa— se investigan tódalas vacas

Apareceron 70 vacas anadas de tuberculose freno ás 136 da pasada campaña e a porcentaxe foi baixando ostensiblemente nas tres campañas: 12% o primeiro no, 3,6% o segundo e no resente xa baixou ó 1,8%. Menos ostensible foi a baixa a porcentaxe de establos con algún animal tuberculoso: en 1987 fora o 26%, no no seguinte o 8,5%, e en 1989 quedou no 6,6%.

Respecto á outra enfermidade investigada, a brucellosa, na presente campaña só apareceu unha vaca enferma das anteriores detectáronse respectivamente 5 e 4 casos).

En todo o concello non

víaxes da 3.ª Idade

## Visita turística ó Santuario de Fátima

As viaxes culturais que cada verán se van organizando en Brión para as persoas da terceira idade xa van querendo certa tradición.

Das dúas que se celebraron este ano, a primeira vounos á Virxe da Barca en uxía, para seguir ó longo da Costa da Morte ata alpica e terras de Bergantinos, recorrendo boa parte os antigos dominios dos ondes de Altamira. Foi o a dez de xuño e fixeron lita catro autobuses para insportar-las 200 persoas participantes.

Os días 10, 11 e 12 de llo celebrouse a viaxe a Fátima. Participantes foron 4, soportando resignados e tentos as temperaturas isímas que os acompañaron durante os tres días e milos 1.000 km. longos que

existentes. Os resultados non foron tan bons como sería de desexar, pero pódense considerar optimistas. Revisáronse 3.819 reses en 634 establos: houbo un pequeno aumento de 62 vacas respecto ás existentes o ano pasado, e catro labradores deixáronse das vacas.

apareceu ningún gando con sinal de padecer leucose.

Pouco a pouco vaise vencendo a enfermidade nos animais e, o que se cobra é más importante, vai prenendo na xente a boa disposición hacia este tipo de campañas. Os que, por mala fada, teñen que soportar ano tras ano a pauliña de animais enfermos nos seus establos sumaselles á perda económica das reses que hai que mandar para o matadeiro ca anguria de non saber cando se verán libres da praga.

Mais, áinda que o precio sexa caro, ben paga a pena, porque aí está a diferencia

entre o bo profesional e o chapuceiro: se ó constructor lle esiximos que constrúa con seguridade e ó taberneiro que venda viño de garantía, e cada un deles, pola súa comenencia, ten que sacarlle boa rentabilidade á empresa, hora é tamén de que o labrego rentabilice o seu traballo con maquinaria axeitada, con sementes productivas e con gando san e de calidade.

Nunca ningún proceso modernizador se realizou sen esforzo, e a modernización das nosas estruturas agrarias áinda está a medio camiño. Pouquiño a pouco chegaremos.

para moitos era a principal (máis de un incluso estaban ofrecidos), a viaxe tivo moitos máis puntos de interese: visita de monumentos artísticos e centros turísticos, como o Bon Xesús de Braga, mosteiro de Batalla, cidades de Coimbra e Oporto con visita ás bodegas, Nazaré... Ningún dos participantes esquecerá a visita ás cobas de Mira de Aire, cos seus 700 m. de longo baixando 680 escalaeras e 100 m. de desnivel, con abundantes formacións calizas de stalactitas e stalagmitas, cámaras de impresionante alzado, fervenzas e lagos de auga, e ca emoción polo medio dalgún corte de luz. Admirable a fermosura da paisaxe portuguesa e maila cadenciosidade do idioma, para nós os galegos tan familiar, pois non en balde o portugués é fillo do galego.

Ó final, o persoal veu contento e os autobuses ateigados de compras para a casa e regalos para fillos, netos e coñecidos.

## Últimas obras do Concello

O verán está vindo enxoito, facilitando deste xeito as obras que o Concello ten abertas en moitos puntos do Municipio. Ademais das que se están a acometer nas estradas, que superan os corenta millóns de pesetas de obra contratada, destacan a dotación de auga corrente ás aldeas de Guitiande e Liñares, novas captacións na zona de Portanxil para reforza-la traída municipal e a instalación da depuradora de Pedrouzos.

A praia fluvial de Ponte Nináns xa presenta a cara ca que vai quedar e, sen estar terminada nin oficialmente autorizada para funcionar, foi acollida ó asalto por toda a rapacería da zona e incluso por moitos foráneos, estorbando ás veces o traballo dos operarios.

A estructura está terminada (represas, piscina de pequenos, desmontes, escalaeras, etc.). Pero queda moito por facer, sobre de todo en adecentamento: instalación de servicios, pavimentación de aparcamentos, carreiros e lugares de descanso, bancos e mesas, varandas de protección, acondicionamento do muíño, plantación de arbres, etc.).

Tamén está xa rematado o palco de música dos Anxeles (unha obra digna na maxestuosidade do entorno do adro) e está en construcción o da Luña.

Anda a voltas tamén o expediente de sinalización de tódalas pistas e lugares do Concello, unha vella aspiración da Corporación que non se poidera realizar por falla de recursos. Antes de rematarlo ano estará realizada.

De aquí ó cabo do ano áinda queda moito por facer en obra xa contratada, maiormente en camiños, daque se irá dando conta segundo se vaia rematando.



durou o recorrido.

Ademais da finalidade relixiosa da peregrinación ó santuario de Fátima, que



AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje




NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletones e carne á brasa
- Viños a elexir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Carpintería - Móbles - Electrodomésticos  
Tel. 88 73 33 - BASTAVALES BRION  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 72 10  
SERVICIO OFICIAL




AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

## Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:  
**BASTAVALES**


SANTIAGO



## Ferretería **CASAL, S.L.**

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

**BASTAVALES - SANTIAGO**



## FERRETERIA

### "SANTA MINIA"

Teléfono 88 70 10

## José Caramés


Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxertos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
MONTAXES ELECTRICOS

MONTAXES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS



## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 72 10  
OS ANGELES

SANTIAGO

## ARTE EN PEDRA




Tfno. 811704

*CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCOLTURAS*

## MATERIAIS DE CONSTRUCCION

### E. PEDRARES MATO



NINANS - LUAÑA  
Teléfono 89 99 74

## ASESORIA LABORAL Y FISCAL

— IFIEYCA —

Seguros U.A.P.



Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109  
BERTAMIRANS - AMES

ALMACEN MAIORISTA DE  
PRODUCTOS AGRICOLA-GANDEIROS

# COMAGRO

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS  
HERBICIDAS - INSECTICIDAS - FUNGICIDAS  
Teléfono 88 71 15  
CRUCE DOS ANXELES - Santiago

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
T<sup>o</sup> 981-888006 - APT<sup>o</sup> 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA

## C O F I G A

Todo en productos  
Agrícola - Gandeiros

Venda: URDILDE  
Almacén: VILACHÁN - ROIS

## MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimiento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brión)  
Teléfono 89 99 51

**Fanse presupostos sen compromiso**